



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE A VEIGA PARA APOIAR A CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA INDUSTRIA DE EXTRACCIÓN E ENVASADO DE MEL E OS SEUS DERIVADOS NO LUGAR DE PRADA, CONCELLO DE A VEIGA.**

En Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dna. ...., actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa calidade de conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 05/10/15) e das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. ...., Alcalde-Presidente do Concello de A Veiga no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e o artigo 24 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Cada un intervéen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

**Segundo.** Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente para a ordenación, fomento e os procedementos relacionados coas industrias agroalimentarias, así como todo o relacionado coa promoción e o fomento dos produtos agroalimentarios, as denominacións de orixe e de calidade do sector agroalimentario e o control da calidade comercial dos alimentos.

A conselleira do Medio Rural asinará este convenio en aplicación do artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



**Terceiro.** O Concello de A Veiga pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Para a xestión dos seus intereses e, unha vez garantida a prestación dos servizos mínimos, o Concello poderá exercer actividades complementarias das propias ou doutras administracións públicas, en particular, as relativas ao fomento das estruturas agrarias e a prestación de servizos de interese público agrario.

Tanto a Lei de Bases do Réxime Local como a Lei de Administración Local de Galicia prevén a colaboración económica, técnica e administrativa entre as Administracións Locais e a Administración da Comunidade Autónoma, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

**Cuarto.** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acredite interese público, social ou económico.

**Quinto.** A apicultura é unha actividade fundamental de produción primaria no Concello de A Veiga, e polo tanto o mel é o principal subproduto obtido, vendido posteriormente a nivel local.

Dende o conxunto das administracións públicas, nun marco de consenso da Comunidade Autónoma, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de A Veiga, consideran necesario impulsar a mellora nas condicións e medios de vida sostibles para o mantemento das poboacións nas zonas de montaña, a través da potenciación dos produtos do bosque, especialmente dende o punto de vista da calidade, do establecemento de medidas para a modernización das industrias transformadoras e as súas producións e o fomento das producións artesás así como a identificación e comercialización dos seus produtos.

Resulta prioritario asociar, nunha alianza de conservación e desenvolvemento, a xeración de emprego estable que contribúa a fixar poboación e impulsar a calidade de vida no medio rural de montaña coa xestión do bosque, tratando de que o valor engadido, a través das correspondentes transformacións industriais, permaneza dentro do propio territorio e favorecer a xeración da economía e do “emprego verde” para lograr a conservación dos hábitats, mantendo os usos tradicionais e incentivando a agroindustria, así como a promoción dos produtos locais.

Os obxectivos perseguidos son dotar aos veciños apicultores do Concello de A Veiga da industria necesaria para a transformación final do mel, a súa comercialización como produto de calidade diferenciado, contribuíndo a xerar emprego local e a fixar poboación no rural. Así mesmo, e debido á demanda de grupos de actividade enoturística vinculados ao turismo micolóxico, do que este concello é pioneiro, preténdese con visitas guiadas aos apiarios e á futura industria, fomentar o coñecemento do Espazo Red Natura – Trevinca, como eixo do desenvolvemento local, satisfacer a crecente demanda turística e ofertar a posibilidade de degustación de produtos tradicionais en maridaxe co mel de A Veiga, envasado baixo un selo diferencial.



A modo de resumo, o que se pretende é potenciar a competitividade do sector apícola, a agroindustria e a comercialización dos produtos apícolas baixo un selo de calidade diferenciado ao mesmo tempo que se promoven fórmulas de asociacionismo e de cooperativismo e se fomenta o turismo no termo municipal de A Veiga.

As actuacións do convenio correspóndense directamente cos intereses, fins e actividades do Concello de A Veiga xa que se tratan de actividades orientadas fundamentalmente a dar un servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades dos veciños deste concello.

**Sexto** : O desenvolvemento das actuacións só é posible realizalas coa participación do Concello de A Veiga. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa xa que dispón dos terreos e infraestruturas necesarias e polas súas excepcionais características :

- **Xeográficas:** as características xeográficas do Termo Municipal de A Veiga, extensión ( 291 km<sup>2</sup>) e altitude (2.127 mts ) así coma o grande desnivel existente entre o nivel base e as cotas máis altas do territorio galego dá lugar a unha diversidade bioclimática que permite unha grande riqueza na zona, única en Galicia.

As especiais características do territorio do Concello de A Veiga extensión, altitude e desnivel unidas á existencia de grandes masas de árbores melíferas, coma Castaños (*Castanea sativa*), Carballos (*Quercus* ), Sabugueiros (*Sambucus nigra*), Serbais (*Sorbus Aucuparia*), Avelairas (*Corylus avellana*), Espiño Branco (*Crataegus monogyna*), Cereixos silvestres (*Prunus avium*), Espiño Branco (*Crataegus*), Bidueiros (*Betula* ), así coma arbustos e outras plantas melíferas coma Morais silvestres (*Rubus ulmifolius*), Madreselvas (*Lonicera caprifolium*), Vincapervincas (*Vinca minor* ), Dedaleiras (*Digitalis purpurea*), Genistas, etc ademáis da existencia de grandes extensións de plantas melíferas únicas en Galicia: A Xanzá (*Genciana Lutea*) e o Gamón (*Asfhodelus albus* )

Neste senso a apicultura ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, tendo un efecto positivo no territorio, a meirande parte do cal se atopa incluído na Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA PENA TREVINCA) .

- **Demográficas:** as características demográficas deste municipio da alta montaña galega, coma son o despoboamento, a dispersión, o illamento das áreas urbanas outórgalle ao territorio un elevado nivel de conservación dos recursos naturais con ausencia, case total, de impactos ambientais .
- **Económicas:** a economía local está fortemente orientada ao sector primario, principalmente a gandería, debendo considerarse a apicultura profesional coma unha actividade gandeira, considerando convinte adoptar medidas para un mellor aproveitamento das distintas floracións silvestres e dos produtos e subprodutos apícolas.

Os obxectivos que se acadarán serán compartidos coas competencias da Consellería do Medio Rural, en tanto que inciden directamente sobre o os intereses dos cidadáns.

Polo tanto, asumindo que as actuacións amparadas polo presente convenio, reúnen as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura



dun Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de A Veiga para a creación e posta en funcionamento dunha Industria de Extracción e Envasado de mel e os seus derivados.

**Sexto.** En virtude do anterior, e acreditado que o Concello de A Veiga cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS:

### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto deste convenio é determinar as condicións que rexerán o financiamento e execución dun proxecto de apoio á creación e posta en funcionamento dunha industria de extracción e envasado de mel e os seus derivados no lugar de Prada, concello de A Veiga, por un importe estimado total de 135.416€.

A actuación consistirá no acondicionamento da planta baixa da Residencia do antigo poboado de Prada e incluírá todas as instalacións precisas para a extracción e envasado de mel e os seus derivados (polen, propóleos, xaleas e ceras).

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos do Concello de A Veiga, obxectivos compartidos coa consellería do Medio Rural como se recolle no expoñendo quinto.

### **SEGUNDA. Obrigas da Consellería do Medio Rural**

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as súas actuacións, realizadas a partir da data da súa sinatura, cunha cantidade máxima de 60.000€ para un investimento total de 135.416€. Esta achega farase con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma para 2016 na partida 13.03.741A.760.1.

### **TERCEIRA. Obrigas do Concello de A Veiga**

1. O concello comprométese a achegar, para o financiamento do obxecto deste convenio a cantidade de 75.416€ para un investimento total de 135.416€. As cantidades executadas que excedan deste importe serán por conta do concello.

2. Para poder obter a condición de beneficiario desta subvención, o Concello de A Veiga deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, a corporación local deberá cumprir coas obrigas que o artigo 11 da dita lei de subvencións establece para os beneficiarios. Ademais, sendo de aplicación o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais



galegas, o concello deberá cumprir o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio. A estes efectos, a Consellería do Medio Rural, de oficio, comprobará o cumprimento do dito requisito.

3. Dispor dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras. Deberá aportar a correspondente certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos ou infraestruturas.

4. Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Aprobar e remitir todos aqueles informes que sexan precisos para a licitación e contratación das obras.

5. Correr cos custos relativos ás medidas de seguridade e saúde, así como a dirección das obras, incluíndo a coordinación de seguridade e saúde das mesmas.

6. A tramitación e obtención de todos os permisos, licencias e autorizacións regulamentarias para a execución das obras, para a apertura e posta en funcionamento das instalacións e para a obtención do Rexistro Sanitario para comercialización de produtos alimentarios.

7. Licitación, adjudicación e xestión dos contratos de obra e servizos precisos para a execución do presente convenio de colaboración

8. Manter as instalacións do Centro de Apicultura en perfecto estado de conservación e funcionamento durante todo o tempo de funcionamento do centro ou no entanto ditas obrigas non sexan asumidas por outra entidade.

9. O pagamento dos tributos e taxas que graven as devanditas instalacións e o seu futuro funcionamento.

10. Sinalizar e identificar a actuación derivada deste convenio cos carteis e logotipos da Xunta de Galicia e do Concello de A Veiga de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa.

11. Poñer en funcionamento o Centro de Apicultura, unha vez rematadas as obras a través de catro principais liñas de actuación:

1- A formación técnica continuada de apicultores, en particular de apicultores non profesionais e aqueles que se incorporen á actividade mediante a realización de cursos e obradoiros prácticos aos efectos de acadar a máxima profesionalización do sector.

2- Apoiar aos apicultores nas súas propias instalacións aos efectos de incrementar a súa capacidade produtiva e introducindo novos aproveitamentos mediante o asesoramento técnico "in situ"

3- Poñer a disposición dos apicultores as instalacións do Centro de Apicultura para, mediante a utilización compartida de instalacións e maquinaria, optimizar os custos de produción, fomentando a estrutura cooperativa do sector apícola.



4- Fomentar a comercialización conxunta dos produtos apostando pola estratexia de promoción específica do Mel de alta montaña, salientando o valor engadido de mel de Espazos Naturais, no caso do Concello de A Veiga de Mel do Espazo Natural de Pena Trevinca.

11. O Concello de A Veiga porá a disposición dos apicultores de territorio as futuras instalacións co gallo de reducir custes de instalacións ao tempo que promoverá a creación dunha cooperativa apícola entre os produtores locais. Deste xeito pretendese a mobilización dos recursos dispoñibles establecendo vínculos de interese mutuo entre a poboación e o seu propio territorio.

13. O Concello de A Veiga creará un selo de calidade para comercializar os produtos con estritos criterios de calidade eliminando, ou cando menos reducindo, a venda “a granel”, que identifique o mel galego de alta montaña, o mel de Trevinca, baixo o paraguas da denominación “Mel de Galicia”.

14. Garantir o cumprimento da normativa de axudas de Estado no que atinxe ao destino que se lle dea aos investimentos obxecto da subvención.

Así mesmo, a entidade perceptora dos fondos comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

#### **CUARTA.** Subcontratación das actividades subvencionadas polo Concello de A Veiga

A Concello de A Veiga poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio ata un 100%, para elo, estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido no Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público:

1. Deste xeito, en todos os casos se esixirá, calquera que sexa a contía do gasto, a solicitude dun mínimo de tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas especiais características da actuación non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. As ofertas detallarán con claridade os conceptos incluídos na proposta, económica e tecnicamente.

3. Ademais, de acordo co artigo 23.2 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público, as empresas invitadas nos procedementos de contratación non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Ás empresas invitadas a presentar ofertas esixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.



Non obstante o anterior, con independencia do gasto subvencionable, en todos os gastos se contemplará igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables, mediante a comparación de tres ofertas.

#### **QUINTA. Gastos subvencionables**

Con carácter xeral, e de acordo co artigo 29 da citada Lei 9/2007, considéranse gastos subvencionables, aos efectos desta lei, aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre a data de sinatura deste convenio e a data límite da súa xustificación. Neste senso, achégase, no anexo ao texto do convenio, o cadro orzamentario cos importes dos investimentos e as actuacións necesarias.

O imposto sobre o valor engadido se considerará gasto subvencionable en tanto non é recuperable directamente da Hacienda Publica polo concello.

#### **SEXTA. Xustificación**

A data límite de xustificación e presentación de gastos e pagamentos será o 10 de decembro:

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Un escrito de remisión asinado polo Alcalde ou persoa na que teña delegada a representación do concello.
  - a. Unha certificación, expedida polo Alcalde ou persoa na que teña delegada a representación do concello, coa relación clasificada de todos os gastos e facturas.
2. Transferencia bancaria dos pagos.
3. Os orixinais das certificacións de obra executada.
4. O orixinal da Acta de Recepción das obras.
5. Os xustificantes orixinais de todos os gastos.
6. Unha memoria explicativa, asinada por D. ..., Enx. Téc. Agrícola , Colx. .... , sobre a realización das actividades auxiliadas que probe a prestación efectiva dos servizos e permita xulgar a subvencionabilidade dos gastos.
7. Unha relación informatizada dos gastos e facturas cos seguintes campos: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.
8. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.



9. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, o Concello de A Veiga queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 65.4.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando se trate da xustificación total ou final do investimento subvencionado, e antes do derradeiro pagamento, a citada corporación local deberá presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente do concello (intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma da razón en contabilidade) que faga constar expresamente que o importe da transferencia foi destinado á súa finalidade, acompañada dun informe do técnico municipal competente en materia de obras ou arquitecto director de obra, no cal se certifique que a obra se executou segundo o proxecto aprobado que serviu de base á transferencia, que cumpre coa legalidade vixente en materia de seguridade, accesibilidade e co resto da lexislación de xeral aplicación. Este informe deberá ser visado polo alcalde presidente.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio.

Os gastos ou investimentos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase tamén en formato dixital '.pdf'

## **SÉTIMA.** Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do Concello de A Veiga que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.



#### **OITAVA.** Plan de controis

A execución das actividades realizadas polo Concello de A Veiga, obxecto do convenio, está suxeita a un plan de controis que inclúe:

1. Un control administrativo sobre todos os elementos de validación que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.
2. Un control sobre o terreo dos investimentos e actuacións.
3. Un control a posteriori dos investimentos realizados .

O concello de A Veiga comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

Así mesmo o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **NOVENA.** Incompatibilidades

A percepción dunha achega en base a este convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que proveñan doutras administracións ou entes públicos ou privados, para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concurrente de subvencións ou axudas outorgadas fora dos casos permitidos neste convenio, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

#### **DÉCIMA.** Retirada parcial ou total e obriga de reintegro.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



### **DÉCIMOPRIMEIRA.** Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

### **DÉCILOSEGUNDA.** Autorizacións e Publicidade.

O Concello de A Veiga autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír os datos relevantes referidos ao convenio, regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como para publicalos no rexistro público de convenios da consellería competente en materia de administracións públicas, de acordo co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente convenio e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

### **DÉCIMOTERCEIRA.** Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, polo Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e tamén pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

### **DÉCIMOCUARTA.** Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2016. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa**, polo tempo adicional que sexa necesario para a completa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, previa tramitación dos correspondentes reaxustes orzamentarios e contables.



E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente Convenio de Colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural

Polo Concello de A Veiga



## CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes reflectidos no cadro corresponden a cálculos de custos estimados que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os investimentos adquiridos.

01 01	DEMOLICIONES	6.106,00	6,49 %
02 02	MOVIMIENTO DE TIERRAS	1.342,00	1,43 %
03 03	SANEAMIENTO HORIZONTAL	2.438,00	2,59 %
04 04	CIMENTACIONES	4.228,00	4,50 %
05 05	CUBIERTAS	1.394,00	1,48 %
06 06	ESTRUCTURAS	2.403,00	2,56 %
07 07	ALBAÑILERIA	5.810,00	6,18 %
08 08	ACABADOS	8.533,00	9,07 %
09 09	CARPINTERIA DE TALLER Y ALUMINIO	6.875,00	7,31 %
10 10	INSTALACION ELECTRICA	5.703,00	6,06 %
11 11	INSTALACION DE FONTANERIA Y SANEAMIENTO	1.800,00	1,91 %
12 12	APARATOS SANITARIOS	1.861,00	1,98 %
13 13	CONTROL DE CALIDAD Y ENSAYOS	1.724,00	1,83 %
14 14	GESTION DE RESIDUOS	282,00	0,30 %
15 15	SEGURIDAD Y SALUD	2.273,00	2,42 %
16 16	MAQUINARIA PROCESO PRODUCTIVO	41.273,00	43,89 %

.....**TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL . 94.045,00 €**

13 % Gastos Generales .....	12.226,00 €
6 % Beneficio Industrial .....	5.643,00 €
<b>TOTAL EJECUCIÓN POR CONTRATA .....</b>	<b>111.914,00 €</b>

21 % I.V.A. .... 23.502,00 €

**TOTAL LÍQUIDO ..... 135.416,00 €**